



ORDENANZA FISCAL 25/2007 REGULADORA DA CONTRIBUCIÓN ESPECIAL POLA AMPLIACIÓN E MELLORA DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS

PREÁMBULO

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 ó 19, 28 ó 37 e 58 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Excmo. Concello de Pontevedra establece contribución especial pola ampliación e mellora do Servizo de Extinción de Incendios, que se rexerá pola presente Ordenanza e o establecido no Real decreto legislativo.

Artigo 1. Feito imponible

Constitúe o feito imponible desta contribución especial a obtención por parte do suxeito pasivo dun beneficio como consecuencia da ampliación e mellora do Servizo Municipal de Extinción de Incendios.

Artigo 2. Suxeitos pasivos

1. Terán a consideración de suxeitos pasivos nesta contribución especial as persoas especialmente beneficiadas pola ampliación e mellora do servizo que orixina a obriga de contribuír.
2. Ós efectos do disposto no apartado anterior consideraranse persoas especialmente beneficiadas, ademais dos propietarios dos bens afectados, as compañías de seguros que desenvolvan a súa actividade no ramo de incendios no termo municipal de Pontevedra.

Artigo 3. Responsábeis

Os supostos de responsabilidade, xa sexa subsidiaria ou solidaria, serán os previstos na normativa tributaria.

Artigo 4. Beneficios fiscais

Non poderán recoñecerse outros beneficios fiscais que os expresamente previstos nas normas con rango de lei ou os derivados da aplicación dos tratados internacionais.

Artigo 5. Base imponible

1. A base imponible da contribución especial será o 85 por cento do custo da ampliación e mellora do Servizo de Extinción de Incendios, no período que non foi sufragado e amortizado polas anteriores contribucións especiais.
2. Dito custo estará integrado nas diversas anualidades, polos conceptos que se recollen no artigo 31.2 do citado Real Decreto Legislativo 2/2004, aplicables á ampliación e mellora do Servizo, e en especial aos seguintes:

- a) Os gastos ocasionados pola adquisición de terreos destinados a completar as instalacións do Parque de Bombeiros.
- b) O importe das obras, tanto de nova planta como de remodelación e mellora e acondicionamento de ditas instalacións.
- c) Adquisición de vehículos e equipos remodelables

- d) Adquisición de equipos fixos e portátiles, material e equipos de protección persoal, material non funxible e equipos de extinción.
- e) Adquisición de mobiliario e equipos para as distintas dependencias do Parque de Bombeiros.
- f) O interese do capital invertido nos gastos indicados anteriormente cando este Concello apelara ao crédito para financiar a porción non cuberta polas contribucións especiais o a cuberta por estas en caso de fraccionamento xeral das mesmas.

3. Para determinar a base imponible haberá de deducirse en todo caso do custo e respecto ao período indicado, as subvencións e auxilios que este Concello obtivera para a finalidade prevista, do Estado, Comunidade Autónoma e outras entidades públicas e privadas.

Artigo 6. Cota tributaria

A base imponible, determinada con arranxo a porcentaxe e no modo previsto no artigo anterior, ante a dificultade de concretar e individualizar aos suxeitos pasivos propietarios de bens afectados, e facendo uso da facultade sinalada no artigo 32.1.b) do citado Real Decreto Legislativo 2/2004, será distribuída entre as sociedades ou entidades de seguros que cubran o risco de incendios polos bens sitos no termo municipal de Pontevedra, proporcionalmente ao importe das primas recadadas no ano inmediatamente anterior ao acordo de imposición e ordenación da contribución especial. Se a cota esixible a cada suxeito pasivo fora superior ao 5 por cento do importe das primas recadadas polo mesmo, o exceso se trasladará aos exercicios sucesivos ata a súa total amortización.

Artigo 7. Devengo

A obriga de contribuír por esta contribución especial nace dende o momento en que adquire firmeza o acordo de imposición e ordenación da mesma, non podéndose esixir por anticipado o pago de cotas en función do importe previsto para futuras anualidades.

NORMAS DE XESTIÓN

Artigo 8.

1. As funcións de xestión, liquidación, inspección e recadación de contribucións especiais as realizará este Concello na forma, prazos e condicións que se establecen na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e nas demais leis estatais reguladoras de esta materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

2. Con independencia do expresado no apartado anterior, a “Xestora de Concertos para a Contribución ós Servizos de Extinción de Incendios - A.I.E.” ou calquera outra entidade que lle suceda no ámbito nacional, considerada como verdadeira interesada, a tenor do disposto no artigo 18.b) en relación co 17, ámbolos dous do citado Real Decreto Legislativo 2/2004, poderá establecer concerto con esta Corporación Municipal para a xestión e cobro das cotas de contribucións especiais, distribuindo a base imponible que corresponda entre as entidades asociadas.

Artigo 9.

1. A imposición e ordenación concreta da Contribución especial requirirá a tramitación do oportuno expediente, que haberá de ser aprobado polo Pleno de este Concello, no que se incluírá un informe económico-financeiro.

2. Para o suposto de que as cotas esixibles a cada suxeito pasivo fora superior ao 5 por cento do importe das primas recadadas polo mesmo, o exceso trasladarase ós exercicios sucesivos ata a súa total amortización.

3. No caso de que, como se prevé no artigo anterior, se chegue a un concerto con “Xestora de Concertos para a Contribución ós Servizos de Extinción de Incendios - A.I.E.” ou entidade que



Ile suceda, dita xestora ou entidade farase cargo da distribución da base impositiva entre as súas compañías asociadas, co plan de amortización indicado anteriormente, obrigándose coa Administración municipal coa cantidade total anual que se estableza.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza, aprobada polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día, 23 de decembro de 2005 e, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2007, producindo efectos ata a súa modificación ou derogación.